



CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecimientos regrados
Febreiro 2019

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de febreiro de 2019**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2018 e anteriores.


FEBREIRO 2019

Tab 1. Viaxeiros, noites, estadia media e grao de ocupación nos establecementos regrados

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	161.299	1,6%	277.425	2,8%	1,72	1,1%	27,89%	0,54
PENSIÓNS	19.759	-14,0%	55.345	-1,2%	2,80	14,9%	14,75%	1,53
ESTAB. HOTELEIROS	181.058	-0,3%	332.770	2,1%	1,84	2,4%	24,29%	1,19
APTOS. TURÍSTICOS	3.741	-4,1%	8.997	-21,3%	2,40	-17,9%	8,10%	-5,06
CÁMPINGS	220	-2,2%	333	-29,7%	1,51	-28,2%	7,57%	-1,26
TURISMO RURAL	5.910	-4,7%	9.985	-5,8%	1,69	-1,2%	7,31%	0,11
ESTAB. EXTRAHOTEL.	9.871	-4,4%	19.315	-14,2%	1,96	-10,2%	-	-
TOTAL	190.929	-0,6%	352.085	1,0%	1,84	1,6%	-	-

- En febreiro deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda turística regrada no conxunto da comunidade. En particular, o volume de noites increméntase nun 1,0% como consecuencia dunha mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados descende levemente en relación ao pasado ano, un 0,6% en particular.
- É o segundo ano consecutivo –e cuarto nos últimos cinco anos- no que se observa un incremento da demanda turística en Galicia no segundo mes do ano, con subas do 3,5% en 2015, do 14,7% en 2016, do 4,0% en 2018 e do 1,0% agora en 2019. Esta dinámica coloca o volume final por encima das 352 mil noites, a cifra máis elevada dos últimos nove anos –semellante ao nivel rexistrado en febreiro de 2010-.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é diferente. Descende suavemente neste ano logo de manterse relativamente estable en 2018 e subir de forma continuada nos catro anos anteriores, de 2014 a 2017. Con este comportamento o nivel final de febreiro de 2019 sitúase preto de 191 mil viaxeiros –a cifra máis baixa dos últimos tres anos-.
- É o cuarto mes consecutivo no que se rexistra un incremento da demanda turística en Galicia -acontecera o mesmo nos pasados meses de novembro e decembro de 2018 e en xaneiro deste 2019-. Se ben o cómputo global corresponde a anos distintos si cabe destacar que se mantén dalgunha maneira a tendencia positiva de crecemento da demanda en temporada baixa fronte ao que se rexistrara nas temporadas media e alta do pasado ano 2018.


Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de febreiro 2005-19



- En termos de volume as variacións deste mes tradúcense, nun sentido estrito, na xeración de preto de 3.600 pernoctacións en relación ao mes de febreiro de 2018.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento diferente. Incrementábase nun 3,0% a cifra de viaxeiros aloxados mais estabilízase o volume de noites en relación ao mes de febreiro de 2018 –nun sentido estrito rexístrase unha caída do 0,4% nas pernoctacións totais-.
- Rexístrase neste mes un comportamento dispar da demanda regrada a nivel das comunidades autónomas sendo maioría as que presentan unha dinámica positiva –nove en total-. O País Vasco marca o mellor comportamento relativo superando nun 7,8% o nivel de demanda de febreiro de 2018. Seguen en orde de importancia Castela e León -cunha suba do 6,5%- e Cataluña –cun incremento neste caso do 5,6%-. Galicia sitúase nunha posición intermedia dentro de grupo das comunidades de comportamento positivo.
- Murcia e Estremadura son os destinos que manteñen estables os niveis de demanda en relación a febreiro do pasado ano.
- Seis destinos presentan, en cambio, un comportamento negativo con caídas de diversa intensidade, máis suave en A Rioxa e Asturias –inferior ao 1%- e máis acusada en Baleares -con descensos que superan o 15% interanual-.
- Do lado dos viaxeiros aloxados o panorama é semellante sendo neste caso Andalucía o destino de mellor comportamento relativo. Seguen en orde de importancia a C. Valenciana e Murcia. Seis son tamén os destinos que neste caso amosan comportamento negativo, con descensos de diversa intensidade.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes a décima posición representando o 1,6% do total de España. Canarias é o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con máis de 7,5 millóns de pernoctacións no mes de febreiro –o 34% do total-. Sitúanse a continuación Andalucía –con preto de 3,5 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con preto de 2,8 millóns-, a C. Valenciana –con máis de 2,6 millóns- e Madrid –con case 2,0 millóns neste caso-. Só estas cinco comunidades agrupan ao 84% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.

- En febreiro o 94,5% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 78,8%- coma ás pensións –co 15,7% neste caso-. O 5,5% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 2,6% da demanda total- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 2,8% neste caso-.
- Tal como corresponde a un mes de temporada baixa, os cámpings adquiren un peso pouco perceptible, practicamente insignificante, con apenas o 0,1% do total da demanda regrada. Difire notablemente do observado no verán –cando supera o 20% do total no pasado ano, por exemplo-.


Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Febreiro 2019



- Por tanto, o comportamento global da demanda turística regrada neste mes de febreiro vén unha vez máis moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Continúa a ser a tipoloxía de maior volume e peso na estrutura da demanda –absorbe a case catro de cada cinco noites no aloxamento regrado, proporción superior á rexistrada por exemplo no anterior mes de xaneiro-.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento relativamente homoxéneo, con caídas xeneralizadas de diversa intensidade salvo no caso dos hoteis –única modalidade que consegue superar as cifras do pasado ano, nun 2,8% neste caso, como consecuencia de crecementos paralelos da cifra de viaxeiros aloxados e da estadía media-.
- A demanda cae nas restantes catro tipoloxías, de forma suave nas pensións –nun 1,2%-, algo máis elevada nos establecementos de turismo rural –nun 5,8%- e de forma notable nos apartamentos turísticos –nun 21,3%- e nos cámpings –cun descenso neste caso do 29,7%-. Todas as porcentaxes están referidas ás pernoctacións e proveñen de caídas paralelas na cifra de viaxeiros aloxados.
- O maior peso dos hoteis na estrutura da demanda regrada é de tal importancia que neste mes o incremento do número de noites rexistrado nos mesmos supera en volume á caída observada nas restantes catro tipoloxías.

- Tendo en conta os dous grandes segmentos da oferta –hoteleiro e extrahoteleiro- o comportamento é neste caso dispar. Sobea e mellora o número de noites no primeiro –un 2,1%- e descende, en cambio, no segundo –un 14,2% en conxunto-.


Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Febreiro 2019/18, por tipoloxías



- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de preto de sete mil noites no segmento hoteleiro e na perda de algo máis de tres mil no ámbito extrahoteleiro –cifra que na súa maior parte corresponde aos apartamentos turísticos-.
- Dentro do segmento hoteleiro o comportamento da demanda difire en función da categoría. Dentro dos hoteis o volume de noites sobea en todas as categorías agás naqueles dunha estrela –o segmento máis baixo- onde se rexistra un descenso do 22% como consecuencia dunha caída da cifra de viaxeiros aloxados. O incremento nas restantes categorías é de diversa intensidade, situándose no 2,8% para os de catro e cinco estrelas, no 9,5% para os de tres estrelas e no 16,6% para os de unha estrela. Neste tres casos acontece que o crecemento do número de noites provén dunha suba parella da cifra de viaxeiros aloxados.
- Nas pensións acontece algo semellante. Sobea o nivel de demanda naquelas de tres e dúas estrelas –un 4,2% por mor dunha mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense estable- e descende, en cambio, nas de unha estrela –un 8,3% froito dunha forte caída da cifra de viaxeiros aloxados-.
- Neste mes de febreiro o 83,3% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno –o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional –aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 16,7% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións mais aseméllanse ás rexistradas do lado dos viaxeiros aloxados –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 85,3% e o do internacional no 14,7%-.


- Esta distribución é propia dun mes de temporada baixa no que o peso do turismo internacional fica por debaixo do 20% e, pola contra, o do mercado nacional supera o 80%. Aseméllase á estrutura da demanda observada no pasado mes de xaneiro, por exemplo.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Febreiro 2019




- En termos de mercado obsérvase un comportamento dispar neste mes de febreiro., con variacións de diferente dirección e intensidade.
- O turismo nacional sobe un 3,3% como consecuencia da combinación de dous factores: incremento da cifra de viaxeiros españois e mellora da estadia media. É o segundo ano consecutivo no que sobe o turismo nacional en Galicia neste mes de febreiro, acadando en 2019 máis de 293 mil noites –a cifra máis elevada dos últimos tres anos e case equivalente á rexistrada en febreiro de 2016-.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernactacións por procedencia, nos estab. regrados. Febreiro 2019/18



- O turismo internacional presenta en cambio unha dinámica negativa con caídas paralelas tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 12,0%- coma do volume de pernoctacións –do 9,0% neste caso-. Descende a demanda estranxeira logo de acumular catro anos consecutivos de crecemento en Galicia neste segundo mes do ano, situando o nivel de 2019 en preto de 59 mil noites –a segunda cifra máis elevada desde o 2009-.
- En febreiro o turismo de ámbito nacional representa o 83% do total da demanda turística regrada, porcentaxe elevada como corresponde a un mes de temporada baixa. O turismo internacional representa en cambio preto do 17%, cifra pequena que ademais queda por debaixo do peso rexistrado no pasado ano cando se achegaba ao 19%.
- O comportamento dos dous segmentos de mercado varía un pouco en relación ás grandes tipoloxías de aloxamento. O turismo nacional sobe e mellora no ámbito hoteleiro –onde rexistra un incremento do 4,5%- mais descende no conxunto da oferta extrahoteleira –un 13,8%-. O segmento internacional, en cambio, amosa un evolución máis homoxénea, con descensos parellos nas dúas grandes modalidades de aloxamento –cae un 8,5% no conxunto dos establecementos hoteleiros e un 15,9% nas modalidades extrahoteleiras-.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 1,84 noites, cifra que se incrementa nun 1,6% en relación ao pasado ano 2018. Sobe a estadía media por segundo ano consecutivo neste mes de febreiro, situando a cifra deste 2019 na máis elevada dos últimos tres anos –e cun valor equivalente ao rexistrado en febreiro de 2016-.

Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Febreiro 2019




- Neste mes son dúas modalidades –as pensións e os apartamentos turísticos- as que presentan as estadías máis elevadas, con 2,8 noites de media as primeiras e 2,4 noites os segundos. Marcan diferenza coas restantes tipoloxías que fican por debaixo das dúas noites con valores bastantes parellos –fican no contorno de 1,7 noites os hoteis e os establecementos de turismo rural mentres que os cámpings rexistran a cifra máis baixa con 1,5 noites de media neste mes-.
- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar nas diferentes tipoloxías. Sobe e mellora nos hoteis e nas pensións –de forma moi suave nos primeiros e máis destacada nas

segundas, cun incremento do 15%- e descende, en cambio, nas modalidades extrahoteleiras –un 18% nos apartamentos turísticos, un 28% nos cámpings e un 1,2% nos establecementos de turismo rural-.

- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición baixa en relación ás restantes comunidades autónomas, superando neste mes os valores rexistrados en cinco destinos –Asturias, A Rioxa, Castela e León, Castela A Mancha e Estremadura-. Canarias, con 7,3 noites de media, marca o valor máis elevado neste mes de febreiro. No lado contrario é Estremadura o destino que presenta a cifra máis baixa, con 1,67 noites.
- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar entre as diferentes comunidades autónomas. Neste contexto Galicia sitúase no grupo dos seis destinos onde mellora en relación a 2018, con incrementos de diversa intensidade.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Febreiro 2019



- Desde o punto de vista da ocupación a dinámica é diferente. Sobe e mellora nas modalidades hoteleiras –medio punto porcentual nos hoteis e en 1,5 puntos nas pensións-, mantense estable nos establecementos de turismo rural e descende tanto nos apartamentos turísticos –en cinco puntos- coma nos cámpings –en algo máis dun punto neste caso-.
- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 27,9% de media neste mes. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nos cámpings –cun 7,6%- e nos establecementos de turismo rural –cun 7,3% neste caso-.